

Mesa Sectorial de 8 de marzo de 2012

Orde pola que se convoca concurso de méritos para a selección e nomeamento da dirección dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na LOE.

Desde a CIG-ENSINO-Ensino manifestamos novamente a nosa posición na procura de que nalgún momento se atendan as nosas reivindicacións. Malia sabermos que esta orde emana do sistema de elección establecido na LOE, non por iso imos deixar de facer constar, unha vez máis, o noso desacordo con este modelo de nomeamento de direccións, que para nós non ten as garantías democráticas e de participación necesarias para a elección de cargos directivos.

A CIG-ENSINO-Ensino defende que calquera profesor/a con destino definitivo no centro poida optar a ser elixido/a director ou directora sempre que teña o apoio maioritario do consello Escolar.

Propostas:

- Que os membros do claustro que formen parte da comisión de selección deben respectar a decisión maioritaria á hora de apoiar as candidaturas e non a súa opinión particular.
- Cando hai substitución dun cargo directivo, debe recoñecerse económica e administrativamente.
- Artigo 2.c. e 2.d., estamos en desacordo con que se esixan cinco anos de antigüidade como funcionario de carreira, por tanto que se supriman estes apartados. De feito é un requisito que non é necesario nos centros incompletos, de onde se pode deducir que non ten moita importancia.
- Artigo 3.3. Propomos que as persoas candidatas á dirección presenten o seu proxecto diante do Claustro de profesores e profesoras e do Consello escolar.
- Artigo 5.1.b) Que as persoas que formen parte da comisión en representación do profesorado sexa con voto delegado.
- Artigo 5.3.b) Que no proxecto para a dirección se inclúa tamén cales serán os obxectivos para o cumprimento dos obxectivos fixados na Lei de Normalización Lingüística e Plan Xeral de Normalización. Obviamente, o proxecto deberá estar redactado en galego, xa que o Decreto vixente recolle que a lingua da Administración Educativa será o galego, tal e como fixa mesmo o actual Decreto.
- Artigo 5.8. que a proposta sexa por “previa consulta ao claustro” e non exclusivamente oído o claustro e consello escolar.



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

- Artigo 6. Nos centros de menos de 4 unidades: que non se cree a comisión. Que se elixa directamente. Son centros de moi pouco profesorado.
- Artigo 7.4. Que se elimine a entrevista (aínda que houbo un avance ao recollerse xa, en convocatorias anteriores, que se faría se se lle facía a todos os participantes).
- Artigo 8.3. Que só se teñan en conta os/as candidatos/as doutros centros no caso de ausencia de candidatos/as do propio centro.
- Artigo 8.4. para o desempate que se teña primeiro en conta a antigüidade no centro e no baremo suprimir a puntuación de xefes de servizos e directores xerais.
- Artigo 10.2. Programa de formación inicial: debe recoller formación en lingua galega e sociolingüística.
- Artigo 12. Que os directores e directoras que integren a comisión que avaliará a formación sexan seleccionados por sorteo. Máxime cando neste momento se pode facer sen problemas porque está informatizado.

Propostas ao baremo:

- Non debería existir o baremo. En todo caso propoñemos que se valore con 1 punto cada ano de antigüidade, considerando todos os servizos en todas as situacións, e que se poidan acumular 6 pts, independentemente da situación administrativa, e que non se valore a condición de catedrático nin os servizos prestados na Administración. Ademais que se elimine a puntuación polo exercicio de cargos directivos, pois deste xeito créase un círculo fechado en que sempre teñen máis puntuacións as persoas que xa exerceron. Se non se elimina que se reduza a 2 pts en total e que se rebaixe a puntuación en cada apartado.
- Formación que se incremente a puntuación a 4 pts e que se teñan en conta outros cursos relacionados coa organización do centro ou o sistema educativo en xeral.
- Que o inspector ou inspectora que forma parte da comisión non sexa o mesmo que ten asignado o centro.
- Artigo 12, para a avaliación da formación inicial, o profesorado debe ser elixido a sorteo.
- Disposición adicional segunda, flexibilizar a realización do curso se hai unha causa debidamente motivada relacionada coa conciliación da vida familiar ou saúde (exemplo enfermidade dun fillo)

A CIG-Ensino solicita que figuren os centros nos que a dirección saínte solicitou renovación.

A Consellaría respondeu que non é posíbel facer ningún tipo de modificación. Responde tamén que non procede recoller os centros en que se solicita prórroga. A CIG-Ensino respóndelle á Consellaría que hai cousas que se poden recoller se hai interese, por exemplo a referencia á Lei de Normalización Lingüística e Plan Xeral de Normalización, ou que haxa que presentar o proxecto no claustro e no Consello Escolar.

PARA MÁIS INFORMACIÓN: www.cig-ensino.com